



Saúde laboral

Boletín nº 53

Nº 53 XULLO 2024 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

MONOGRÁFICO SECTOR NAVAL

SUMARIO

A FONDO

COORDINACIÓN PREVENTIVA DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN NAVAL

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Coordinación preventiva de actividades empresariais no sector da construción e reparación naval

FINANCIADO POR:



Coordinación preventiva de actividades empresariais no sector da construción e reparación naval

A coordinación preventiva das actividades empresariais é unha estratexia preventiva destinada a controlar e minimizar os riscos laborais nos lugares de traballo, nos que concorren en moitos casos simultaneamente distintas actividades e tarefas realizadas por empresas diferentes. Esta concurrencia e simultaneidade na realización das actividades e tarefas é un factor multiplicador dos riscos laborais nese espazo de traballo, que deben ser controlados a través desta estratexia de coordinación. No caso da construción e reparación naval que neste monográfico nos ocupa, os riscos son especialmente elevados debido á gran cantidade de subcontratación de actividades con diferentes empresas auxiliares, así como aos múltiples riscos específicos inherentes a esta perigosa actividade industrial, razón que fai que a mesma teña unha consideración de especial risco e polo tanto estea incluída no Anexo I do *Regulamento dos Servizos de Prevención*.

Así logo procedemos a desenvolver o presente contido en materia de coordinación preventiva empresarial deste monográfico, na intención que o mesmo sexa de utilidade e poida servir como información e referencia de consulta ao conxunto das persoas traballadoras galegas que desenvolven a súa actividade laboral neste sector.

TIPO DE RISCOS MÁIS COMÚNS QUE AFECTAN AO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN NAVAL

A industria da construción naval ten a consideración especial do Anexo I do *Regulamento dos Servizos de Prevención* que indica as actividades con maiores riscos. Trátase esta dunha actividade que xera riscos que desbordan unha xestión común dos mesmos.

Neste sector os riscos son de diversa natureza e dependen basicamente do proceso que levemos a cabo.

Riscos Hixiénicos:

- Pos e fibras orixinados polos materiais de illamento.
- Vapores de disolvente e diluentes de pinturas.
- Gases empregados en soldadura, corte ou quecemento de metais: acetileno, propano e exceso de osíxeno. O dióxido de carbono empregado en soldadura protexida baixo atmosfera de gas e os seus produtos de descomposición. Os



fumes de soldadura e de corte poden conter ozono e óxido de nitróxeno derivados do efecto da calor sobre o ar. Fumes producidos pola vaporización dos fundentes dos eléctrodos.

- Produtos químicos tóxicos específicos da pintura.
- Produtos químicos tóxicos específicos dos carburantes.
- Presenza de gases tóxicos en espazos confinados (tanques, caldeiras, dobres fondos, etc.).
- Calor excesiva (soldadura).
- Exposición a Condicións climatolóxicas (Frío, vento, choiva, neve, calor).
- Falta de osíxeno en espazos confinados (tanques, caldeiras, dobres fondos, etc.).
- Ruído e vibracións.
- Radiacións e raios láser.

Riscos de Seguridade.

- Traballos en altura.
- Caídas ao mesmo nivel.
- Caídas a distinto nivel (ocos abertos, escaleiras, pasarelas, etc.).
- Riscos eléctricos.
- Proxección de Partículas.
- Contactos térmicos.
- Golpes con obxectos.

Riscos ergonómicos e psicosociais:

- Traballos a quendas.
- Longas xornadas de traballo.
- Temporalidade na contratación.
- Drogodependencias.
- Posturas forzadas.
- Manexo manual de cargas.
- Movementos repetitivos.



A ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN NA INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN NAVAL

A industria naval ao igual que moitas outras actividades industriais, sufriu nos últimos 30 anos un proceso de privatización con drástica redución dos cadros de persoal e que deu paso á subcontratación de actividades orixinariamente realizadas pola empresa principal, cara ás denominadas industrias auxiliares.

Así, hoxe xa parece normal que durante o proceso de construción do buque, compartan espazo de traballo traballadores/as de diversas empresas, e mesmo danse casos nos que os traballadores/as das empresas auxiliares son superiores en número aos da empresa principal.

Esta nova formulación do traballo, fai máis complexa a organización do mesmo, xa que un número importante de traballadores/as descoñece os riscos dos centros de traballo e aparecen descoordinacións entre a secuencia de tarefas, facendo máis difícil unha coordinación preventiva eficiente entre as tarefas e actividades a realizar.

Estes factores no seu conxunto derivaron nunha maior probabilidade de sufrir accidentes por parte dos traballadores/as externos pero tamén por parte dos propios, cando se producen concorren-

cias, simultaneidades e interaccións funcionais entre ambos colectivos.

Outro dos efectos da subcontratación/externalización de traballos son as elevadas taxas de temporalidade; a flutuación das contratas que experimentan ás empresas auxiliares fai que a temporalidade dos seus traballadores/as sexa unha constante. Unha temporalidade que, en moitos casos vai unida a unha excesiva rotación de postos e, xa que logo, á multifuncionalidade.

Hoxe en día seguen estando vixentes os resultados do “Informe Durán”¹, segundo o cal o risco maior corresponde a quen ten unha capacidade de negociación menor, en primeiro lugar á xente moza. Este grupo de traballadores/as teñen unha traxectoria profesional na que nun breve espazo de tempo ocupan empregos moi distintos e a súa maior frecuencia vén dada directamente pola súa escasa formación inicial; todo isto impide unha acumulación de experiencia e “saber facer” que dificulta a integración real no emprego. Independentemente da exposición maior ou menor ao risco, a temporalidade e a rotación de postos dificulta a acción preventiva, en especial:

- A formación preventiva non pode desenvolverse coa eficacia desexada dada a limitación temporal para desenvolvela, e a falta de coñecemento no desempeño do posto de traballo.
- O coñecemento dos riscos aos que a persoa traballadora está sometida vai vinculado ao coñecemento do traballo que esta realiza, coñecemento neste caso moi dificultado por unha temporalidade que impide a adquisición do mesmo.

- As dificultades que poñen os Empresarios/as para garantir a formación en tempo de traballo.

Por outra banda, é sabido que superadas as datas de entrega, o estaleiro vese penalizado economicamente o que pon en perigo a rendibilidade do proxecto e a credibilidade competitiva do propio estaleiro. O ideal sería o establecemento de prazos, o que suporía unha organización do traballo por proxectos, orientándose así toda a estrutura interna das sociedades principais e as externas da industria auxiliar, a un modelo organizativo mellor planificado e máis coordinado.

Porén a realidade é ben distinta, xa que existindo un encargo, defínese o proxecto, e a organización da produción oríentase non ao proxecto, senón ao prazo de entrega das distintas fases do encargo, que acaba por converterse no rexedor de toda a organización da produción.

O tempo convértese así no director do proxecto e, loxicamente, xera consecuencias na organización da empresa e na súa xestión preventiva. A saber:



- A coordinación preventiva de actividades empresariais presupón a existencia de fluxos de información preventiva entre as empresas principais e auxiliares, conseguindo con isto unha integración de todas as áreas afectadas. Na realidade a presión polo tempo de execución dificulta a adecuada coordinación.
- Aparecen substitutivos desta necesaria coordinación como é o “nominalismo formal preventivo”, confirmando o que aparecía como un sinal de alarma no “Informe Durán”, isto é, a existencia da documentación preventiva pero sen a debida acción preventiva.
- A falta de decisión empresarial e a elevada rotación laboral da industria auxiliar impide o desenvolvemento de accións formativas continuas no tempo, de xeito que a formación básica para o desempeño do posto de traballo e a formación en prevención adoitan ser incompletas e deficientes.
- A dificultade para actuar e planificar preventivamente de acordo cos proxectos encargados, xera que a empresa auxiliar teña actuación preventiva no centro de traballo da mesma e non nos centros de traballo alleos.

¹“Informe sobre riscos laborais e a súa prevención. A Seguridade e a saúde no traballo en España.”. Federico Durán López. Presidencia do Goberno. Madrid 2001.

COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS no sector da CONSTRUCCIÓN e REPARACIÓN NAVAL

A coordinación de actividades empresariais pretende ser unha vía de solución aos problemas que



xorden, nun escenario empresarial moi habitual nos últimos anos, no que se tende cada vez máis á contratación de obras e servizos. Esta contratación ou subcontratación é unha forma de descentralizar parte da actividade produtiva da empresa, a través de diferentes tipos de contratos entre unha empresa titular ou principal e unha empresa contratista. Nestas situacións, dáse a circunstancia de que coinciden traballadores/as de varias empresas nun mesmo centro de traballo, onde cada empresa realiza os seus traballos cos seus respectivos riscos, os cales poden afectar aos traballadores/as das outras empresas existentes no centro ou incluso agravarse como consecuencia das actividades realizadas por estas empresas. É dicir, hai que contemplar os riscos do centro e da súa actividade, os dos traballos efectuados por cada unha das empresas contratadas ou subcontratadas, máis os xerados pola concorrencia das mesmas.

Ademais hai que ter en conta que nos centros de traballo adoitan concorrer empresas de diferente tamaño, con diferente sistema de organización da prevención e mesmo enfoques diverxentes da cultura e xestión da prevención, o que supón unha

maior complexidade e dificultade á hora de velar pola seguridade e saúde de todos os traballadores/as presentes nestes centros.

Estatisticamente pódese comprobar que en moitas ocasións os índices de sinistralidade sufridos ou provocados polas empresas contratadas ou subcontratadas están moi por enriba dos das empresas para as que traballan. **As causas destas situacións adoitan ser entre outras:** a) Deficiente comunicación en materia de coordinación; b) Inadecuada formación e información sobre os riscos xerais e específicos; c) Imprevistos asociados á temporalidade nos traballos; d) Descoñecemento de normas de seguridade internas; e) Falta de control efectivo das condicións de traballo, etc. De aí a importancia de que as empresas concorrentes nun mesmo centro de traballo se coordinen perfectamente entre elas para dar cumprimento á normativa existente nesta materia.

Segundo o [Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro](#), polo que se desenvolve o artigo 24 da [Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais](#), en materia de coordinación de actividades empresariais; no seu **Artigo 3. Obxectivos da coordinación**. Explicítase:

A coordinación de actividades empresariais para a prevención dos riscos laborais deberá garantir o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) *A aplicación coherente e responsable dos principios da acción preventiva establecidos no artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, polas empresas concorrentes no centro de traballo.*



b) *A aplicación correcta dos métodos de traballo polas empresas concorrentes no centro de traballo.*

c) *O control das interaccións das diferentes actividades desenvolvidas no centro de traballo, en particular cando poidan xerar riscos cualificados como graves ou moi graves ou cando se desenvolvan no centro de traballo actividades incompatibles entre si pola súa incidencia na seguridade e a saúde dos traballadores/as.*

d) *A adecuación entre os riscos existentes no centro de traballo que poidan afectar aos traballadores/as das empresas concorrentes e ás medidas aplicadas para a súa prevención.*

Tendo en conta este artigo normativo, poderíamos establecer que os obxectivos básicos operativos da coordinación de actividades empresariais na construción e reparación naval son:

OBXECTIVOS BÁSICOS DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS.

1. Organizar os problemas de espazo e convivencia entre as distintas empresas que participan na construción do buque, xa que este problema de confluencia de distintas empresas auxi-

liares no mesmo centro de traballo é a principal causa de accidentes graves sucedidos no sector.

2. Estabelecer un sistema de prevención integrado en todas as fases de construción ou reparación que inclúa a todas as empresas principais e as empresas auxiliares.
3. Homoxeneizar a organización da prevención das empresas auxiliares para que sexa máis doado o cumprimento dos obxectivos marcados en materia de prevención.

“A concorrencia de traballos moi diversos no mesmo centro de produción é unha das principais causas do aumento da probabilidade de accidente laboral no sector naval”

A coordinación de actividades empresariais debe garantir o control das diferentes actividades que se levan a cabo no mesmo centro de traballo especialmente cando se trate de actividades incompatibles entre si ou cando o risco que xeren as actividades concorrentes sexan graves ou moi graves.

O Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, establece un **listado non exhaustivo de medios de coordinación** no seu artigo 11:

- a) Intercambio de información e de comunicacións entre empresas concorrentes.
- b) A celebración de reunións periódicas entre as empresas concorrentes.
- c) As reunións conxuntas dos comités de seguridade e saúde das empresas concorrentes ou,

no seu defecto, dos empresarios/as que carezan dos devanditos comités cos delegados/as de prevención. A impartición de instrucións.

- d) O establecemento de medidas específicas de prevención existentes no centro de traballo que poidan afectar aos traballadores/as das empresas concorrentes ou de procedementos e protocolos de actuación.
- e) A presenza no centro de traballo dos recursos preventivos das empresas concorrentes.

A designación dunha ou máis persoas encargadas da coordinación das actividades preventivas.

A [Lei 54/2003](#), do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, establece a obrigatoriedade de contar con **recursos preventivos** cando os riscos poidan verse agravados ou modificados no desenvolvemento do proceso ou a actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo, ou cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais.



No caso da construción e reparación naval danse simultaneamente e permanentemente os dous requisitos:

- a) Os riscos poden verse agravados ou modificados no desenvolvemento do proceso ou a actividade, pola concorrencia de operacións diversas.
- b) Trátase dunha actividade regulamentariamente considerada perigosa xa que está incluída no *Anexo I do [Real decreto 39/1997](#), do 17 de xaneiro*, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención. (Actividades na industria siderúrxica e na construción naval).

“Polo tanto será necesario que todas as empresas concorrentes no centro de traballo contengan polo menos con 1 recurso preventivo, presente no citado centro”.

PRINCIPAIS FACTORES DE RISCO E MEDIDAS PREVENTIVAS

Nun centro de construción ou reparación naval, como xa vimos con anterioridade, concorren traballadores/as pertencentes a diferentes empresas adicadas ás actividades propias do sector, máis tamén concorren outras empresas que desenvolven traballos alleos a estas, como son o mantemento de instalacións e equipos, operacións de limpeza, etc.

Considérase “actividade propia” aquela que vai ligada ao proceso produtivo da construción ou reparación naval. Isto implica a participación de oficios tales como a caldeiraría, soldadura e canalización, que poden considerarse os principais en volume, a electricidade, pintura e chorreado, desgásificado e limpeza de tanques, illamentos,

carpintaría metálica e de madeira, mecánica, electromecánica, etc., que tamén son propios do sector.

Aínda que non poida considerarse unha subcontrata en si, hai que destacar que tamén accede ao centro de traballo persoal de numerosas empresas que desenvolven servizos de carga e descarga de material e en especial carga e descarga de substancias perigosas, gases, combustibles, residuos, etc. cos conseguintes riscos que estes traballos levan asociados.

En ámbolos casos, é moi importante que os procedementos de coordinación estean implantados correctamente.

Outro problema engadido no caso da reparación naval é a **tripulación do barco**. En non poucas ocasións a reparación lévase a cabo estando a bordo parte da tripulación, o cal xera riscos engadidos para esta e para os traballadores/as das empresas que participan na reparación. É importante evitar en todo caso a presenza de tripulación durante o transcurso da obra e menos aínda permitir a súa participación nesta.



Unha correcta coordinación de actividades debe basearse e comezar co **control do persoal que entra dentro das propias instalacións**. É importante dispoñer dalgún sistema de control de acceso, sistemas de tarxetas con tornos, etc. complementado con porteiros, coa finalidade de coñecer en todo momento qué traballadores/as e visitas se atopan no centro.

É preciso ter en conta outro factor que agrava a complexidade do sector e que afecta directamente á coordinación: cada actividade que se desenvolve, leva consigo **a introdución nun mesmo centro de traballo de equipos, maquinaria e gran cantidade de substancias** das que realmente só teñen coñecemento destas e os riscos que conlevan, as propias empresas que fan uso das mesmas.

Outro factor importante é a utilización de cada empresa subcontratada de **equipos de traballo e as instalacións comúns** do centro de traballo, distribución de gases, aire comprimido, etc.

O sistema de xestión da coordinación dunha empresa debe recoller en todo caso o control dos equipos de traballo de uso común como os equipos de elevación mecánica de cargas, as plataformas, estadas, etc. mediante a distribución de instrucións por escrito e permisos ou autorizacións para que o seu uso non sexa indiscriminado.

En todos estes casos é **importante que a empresa principal leve a iniciativa na coordinación** solicitando á empresa que introduce estes elementos a información necesaria acerca dos mesmos e que, á súa vez informe sobre as normas de utilización

das instalacións de uso común. Ademais, a empresa principal debe ter en conta que ten que cumprir co seu deber de vixilancia tanto dos seus traballadores/as como os/as das empresas subcontratadas se son da súa mesma actividade.

“É necesario ter en conta que o obxectivo principal do intercambio de información é que as persoas traballadoras estean informadas”

Respecto a este tema é moi importante ter en conta que a **información aos traballadores/as**, como acontece coa formación, non é un requisito illado e puntual que se ten que cumprir nun momento determinado e aí remata, senón que se trata dunha norma de seguridade continua que se debe revisar e actualizar periodicamente. Máxime nesta actividade tan cambiante en canto aos riscos e condicións de traballo.



Existen **empresas, denominadas de “control de acceso”**, que son contratadas polas empresas principais para que leven a cabo o control do cumprimento por parte das empresas contratadas e subcontratadas, das acreditacións e requisitos legais esixíbeis para poder efectuar os traballos no centro principal.

Estas empresas solicitan e xestionan toda a documentación das contratas relativa a certificados de



aptitude dos traballadores/as para os seus postos de traballo, certificados de formación en prevención de riscos laborais, as avaliacións de risco dos traballos que se efectuarán, etc.

Non obstante, coa contratación destas empresas en ningún caso se debe entender como cumprida a obrigatoriedade que establece o *Real decreto 171/2004* de intercambio de información entre empresas concorrentes, nin a de impartición de instrucións por escrito, xa que estas empresas actúan como meros xestores da acreditación do cumprimento dos requisitos legais, pero non actúan como vehículo de comunicación da información entre elas.

Con respecto aos medios humanos que se reflicten como medio de coordinación, é dicir os **recursos preventivos** e a figura do **coordinador/a**, é importante que as súas responsabilidades e funcións estean correctamente definidas.

Na actividade da construción e reparación naval existe a figura do **membro de equipos auxiliares de prevención e contra incendios**, que adoita pertencer a unha empresa especializada en coordinación de actividades empresariais, que exerce

labores de coordinación, vixilancia e control do cumprimento das normas de seguridade. Esta figura ten unha capacitación mínima para o desempeño das funcións, de nivel intermedio en prevención de riscos laborais e tamén ten formación específica na loita contra incendios. O seu único labor é a prevención dos riscos laborais, non participando nos procesos produtivos. Pode asumir as funcións de coordinador de actividades empresariais e tamén debe formar parte dos equipos de emerxencias.

Por último, é importante sinalar que se debe implicar nos mecanismos para a coordinación de actividades aos **membros dos servizos de prevención** como órgano asesor. Débeselles informar da entrada de persoal externo, a subcontratación de traballos e o movemento de persoal a outras empresas.

“A falta de comunicación é un claro indicativo de que a coordinación de actividades empresariais non se está a aplicar na súa totalidade e que esta carece da fluidez necesaria”

Pola complexidade das actividades que se desenvolven no sector naval e pola súa idiosincrasia, vese a necesidade de unificar criterios entre todas as empresas do sector. Para ter un marco regulatorio común na coordinación das actividades, todas as empresas estarán suxeitas ao *Real decreto 171/2004* para a coordinación das actividades industriais.

Para tal efecto, neste capítulo, inclúese un modelo de **Procedemento de Coordinación de Actividades para a Construción e Reparación Naval**, baseado

no procedemento aprobado pola **Mesa de seguimento de Riscos Laborais no Sector Naval**, que funciona como modelo común de xestión da coordinación de actividades empresariais entre os estaleiros galegos que o subscribiron.

Trátase dun modelo aberto e perfectamente transferible a outras empresas de semellantes características, polo que pode utilizarse como base para establecer un sistema de xestión da coordinación de actividades de calquera empresa, coas lóxicas adaptacións propias da idiosincrasia e características de cada centro de traballo.

PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN NAVAL

OBJECTO

Definir e desenvolver as accións necesarias en materia preventiva para coordinar as actividades que se realizarán nunha construción ou reparación sempre que concorran traballadores/as de distintas empresas no mesmo centro de traballo, dando cumprimento ao *Real decreto 171/2004*, sobre coordinación de actividades empresariais.

ALCANCE

Todas aquelas actividades que pola súa natureza, ou a concorrencia destas, poidan xerar riscos a terceiros, ou ás propias instalacións.

DEFINICIÓNS

Centro de traballo

Calquera área, edificada ou non, na que os traballadores/as deban permanecer ou á que deban acceder por razón do seu traballo.

Empresario/a titular do centro de traballo

A persoa que ten a capacidade de poñer a disposición e xestionar o centro de traballo.

Empresa principal

O empresario/a que contrata ou subcontrata con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquel e que se desenvolven no seu propio centro de traballo. Inclúe ás empresas auxiliares que contratan ou subcontratan actividades, sexan propias ou non, independentemente do lugar onde se desenvolva a actividade.


Accidente de traballo sen baixa

Aquel accidente no que existe lesión pero permite ao traballador/a continuar realizando o seu traballo tras recibir asistencia.

Accidente de traballo con baixa

Aquel accidente que incapacita o traballador/a, polo menos un día de traballo sen contar o do día do accidente, para continuar o seu traballo.





MÉTODO

Figuras preventivas

Para a execución da obra serán designadas as seguintes figuras preventivas:

Coordinador/a

- Empresa titular.
- Empresa auxiliar que subcontrata. (Xa que neste caso é empresa principal ante as súas contratas deberá dispoñer dun coordinador/a, o/a cal actúa como recurso preventivo ante a empresa titular).

Recurso preventivo

- Todas as empresas participantes.

Perfil coordinador/a

- Dispoñer dun amplo coñecemento, cualificación e experiencia nos distintos procesos produtivos do sector naval.
- Ter acceso a toda a información das actividades produtivas da empresa.
- Dispoñer dunha posición na estrutura xerárquica da empresa que o habilite para calquera toma de decisión en materia produtiva ao darse a confluencia de traballos.

- Capacitación mínima para o desempeño das funcións de nivel intermedio en materia de prevención de riscos laborais.

Perfil recurso preventivo

- Dispoñer dun amplo coñecemento, cualificación e experiencia no seu proceso produtivo.
- Ter acceso a toda a información das actividades produtivas da empresa.
- Dispoñer dunha posición na estrutura xerárquica na empresa que o habilite para calquera toma de decisión en materia produtiva ao darse a confluencia de traballos.
- Deberá estar en posesión de formación mínima para o desempeño das funcións de nivel intermedio en materia de prevención de riscos laborais, ou no seu defecto de formación mínima para o desempeño das funcións de nivel básico en materia de prevención de riscos laborais de 50 horas, preferiblemente complementado cun curso específico de recurso preventivo no sector naval.

XESTIÓN DOCUMENTAL

Antes do inicio da obra

- 1) O coordinador/a dispoñerá da planificación inicial das actividades produtivas.
- 2) A empresa ou empresas principais designan un coordinador/a para a construción/reparación.
- 3) Todas as empresas designan un recurso preventivo para a construción ou reparación.
- 4) As empresas intercámbianse a documentación reflectida nos ANEXOS I e II (dispoñíbeis ao fi-

nal do presente documento)) e as que actúen como principais, crearán un listado que mantentrán actualizado.

- 5) O coordinador/a, na reparación, xunto co inspector/a do buque/armador realizan a identificación xeral, a identificación de actividades e zonas afectadas na reparación e das empresas que van efectuar os devanditos traballos. Segundo se especifica a Instrución I: “instrución para a identificación de zonas afectadas e actividades a realizar antes da reparación”.

No transcurso da obra

- 1) Todas as empresas deben comunicar ao seu coordinador/a, no momento, calquera accidente con baixa e calquera incidente que puidese ocasionar un accidente con baixa.
- 2) Todas as empresas deben comunicar ao seu coordinador/a calquera cambio substancial que poida acontecer no transcurso da obra, entendendo como cambio substancial os seguintes:
 - Modificación de interlocutor, recurso preventivo ou coordinador/a de actividades. Se a devandita empresa subcontrata, existe a posibilidade real de que se realice esta modificación.
 - Cambios na estrutura preventiva da empresa tales como: mutua de AATT e EPPP, servizo de prevención ou delegados/as de prevención.
 - Subcontratación de traballos a realizar na obra.
- 3) Mensualmente cada empresa actualiza a documentación reflectida no ANEXO I.
- 4) Mensualmente as empresas entregan ao seu coordinador/a unha listaxe de todos os acci-

dentos acaecidos no centro de traballo con e sen baixa, así como a investigación destes. A investigación dos accidentes con baixa farase no prazo máximo de 3 días.

- 5) O coordinador/a, na reparación xunto co inspector/a do buque/armador, manterá ao día a identificación de actividades e zonas afectadas na reparación, así como as empresas que efectúan os devanditos traballos.



REUNIÓN DE COORDINACIÓN

Antes do inicio da obra

O coordinador/a convoca todos os recursos preventivos e/ou coordinadores/as das empresas da construción ou reparación.

Na reunión resólvense os seguintes asuntos:

- a) As empresas intercámbianse a documentación reflectida nos ANEXOS I e II e as que actúen como principais, crearán un listado que mantentrán actualizado.
- b) Verificarase que a documentación reflectida nos ANEXO I e II, foi entregada.
- c) A empresa ou empresas principais designan un coordinador/a para a construción/reparación.

**d) Explicación**

do método que se seguirá na coordinación de actividades da construción.

e) O coordinador/a dispoñerá da planificación inicial das actividades produtivas.

f) Todas as empresas designan un recurso preventivo para a construción ou reparación.

g) O coordinador/a, na reparación, xunto co inspector/a do buque/armador realizan a identificación xeral, a identificación de actividades e zonas afectadas na reparación e das empresas que van efectuar os devanditos traballos cumprindo o procedemento de identificación de actividades.

No transcurso da obra

a) O coordinador/a debe coñecer diariamente a planificación das actividades produtivas.

b) O coordinador/a diariamente reunirase cos recursos preventivos (cando se considere necesario poderase requirir a presenza das liñas de mando) das empresas afectadas pola concorrencia de actividades derivada de variacións na planificación e coordinación de actividades realizada na reunión semanal, sen ser preciso levantar acta desta.

c) O coordinador/a convoca cunha periodicidade semanal os recursos preventivos das empresas implicadas na actividade e levanta acta da devandita reunión.

d) Todas as empresas deben comunicar ao seu coordinador/a, no momento, calquera accidente con baixa e calquera incidente que puidese ocasionar un accidente con baixa.

e) Todas as empresas deben comunicar ao seu coordinador/a calquera cambio substancial que poida acontecer no transcurso da obra, entendendo como cambio substancial os seguintes:

➤ Modificación de interlocutor/a, recurso preventivo ou coordinador/a de actividades. Se a devandita empresa subcontrata, existe a posibilidade real de que realice esta modificación.

➤ Cambios na estrutura preventiva da empresa tales como: mutua de AATT e EEPP, servizo de prevención ou delegados/as de prevención.

➤ Subcontratación de traballos a realizar na obra.

f) Mensualmente cada empresa actualiza a documentación reflectida no ANEXO I.

g) Mensualmente as empresas entregan ao seu coordinador/a unha listaxe de todos os accidentes acaecidos no centro de traballo con e sen baixa, así como a investigación destes.

h) A investigación dos accidentes con baixa farase no prazo máximo de 3 días.

i) O coordinador/a, na reparación xunto co inspector do buque/armador, manterá ao día a identi-

ficación de actividades e zonas afectadas na reparación, así como as empresas que efectúan os devanditos traballos.

Participación dos delegados/as de prevención

Os delegados/as de prevención das empresas convocadas que se atopen na obra poderán acudir ás reunións de coordinación de carácter semanal, notificándoo previamente.

DESVIACIÓN EN MATERIA DE COORDINACIÓN

O coordinador/a e/ou recursos preventivos das empresas deben facer un seguimento conxunto da corrección das desviacións en materia de coordinación de actividades empresariais.

Independentemente das inspeccións ou o método que dispón cada empresa para identificar, avaliar e corrixir as desviacións, tanto o coordinador/a coma os recursos preventivos deben comunicar as desviacións en materia de seguridade e saúde que se atopen ao longo da xornada de traballo, e expoñelas nas reunións de coordinación.

Así mesmo os delegados/as de prevención poden notificar desviacións en materia de coordinación de actividades empresariais.

PERMISOS DE TRABAJO

Co obxecto de garantir unha coordinación eficaz das actividades, as empresas participantes nas obras deberán solicitar un permiso de traballo para todos os traballos que vaian realizar a bordo e para aqueles traballos que poidan ocasionar riscos graves se non son controlados, segundo a Instrución II: “Instrución de xestión de permisos de traballo”.

RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS

Coordinador/a

1. Ter coñecemento da recompilación de documentación ás empresas subcontratadas.
2. Ter coñecemento da documentación entregada pola súa empresa ás empresas auxiliares.
3. Convocar as reunións de coordinación, iniciais e periódicas.
4. Levantar actas de todas as reunións de coordinación.
5. Dispoñer e difundir ás empresas auxiliares a planificación inicial e as modificación existentes das actividades produtivas da construción ou reparación.
6. Comunicar as desviacións en materia de coordinación ás empresas afectadas.
7. Subscribir as comunicacións de desviacións que lle entregue a empresa auxiliar.
8. Facer o seguimento das desviacións en materia de seguridade e saúde da construción ou reparación, podendo convocar calquera figura preventiva.



9. Dar participación aos delegados/as das empresas que estean presentes na obra, atendendo ás súas peticións e denuncias, participando conxuntamente na mellora dos procesos de coordinación e de prevención de accidentes.

Recurso preventivo

1. Ter coñecemento da documentación entregada pola súa empresa á empresa principal.
2. Ter coñecemento da documentación entregada á súa empresa pola empresa principal.
3. Asistir e participar en todas as reunións de coordinación ás que sexa convocada a súa empresa.
4. Comunicar as desviacións en materia de coordinación ao coordinador da empresa principal.
5. Facer o seguimento das desviacións de seguridade e saúde da construción ou reparación, podendo convocar calquera figura preventiva.

Empresa principal

1. Controlar documentalmente a todas as empresas da construción ou reparación.
2. Informar ao coordinador/a da documentación entregada polas empresas auxiliares.
3. Arquivar de forma correcta a documentación entregada polas empresas auxiliares.
4. Dar a documentación ás empresas auxiliares.

Empresa auxiliar

1. Dar a documentación esixida pola empresa principal.
2. Informar ao recurso preventivo/coordinador/a da súa empresa da documentación entregada por parte da empresa principal.
3. Arquivar de forma adecuada a información entregada pola empresa principal.

4. Facer chegar a todos os operarios/as da empresa que vaian traballar ao centro de traballo, a información entregada pola empresa principal.



ANEXO I

LISTADO DE DOCUMENTACIÓN ESIXIDA ÁS EMPRESAS AUXILIARES

1. Nome, apelidos e DNI (ou n.º de identificación se é estranxeiro) de cada traballador/a destinado/a á obra.
2. Persoa de contacto da empresa principal coa auxiliar.
3. Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais. (Artigo 68, texto refundido L.X.S.S.).
4. Modelo organizativo de prevención, cos seus certificados e/ou contratos correspondentes. (Capítulo III, Real decreto 39/1997).
5. Avaliación de riscos e planificación preventiva dos traballos a realizar na obra. (Capítulo II, Real decreto 39/1997).
6. Concerto de vixilancia da saúde e certificados de aptitude do recoñecemento médico de cada traballador/a. (Artigo 22, Lei 31/1995).

7. Listado de EPI que proporciona a empresa auxiliar aos traballadores/as, con acreditación da súa entrega ou un documento da empresa no que certifica a entrega dos EPI necesarios aos traballadores/as, en función dos postos de traballo que vaian desenvolver na obra. (Artigo 8, Real decreto 773/1997).
8. Listado de equipos de traballo que vaia utilizar a empresa externa na empresa principal con copia das súas respectivas declaracións de conformidade ou certificado CE. (Real decreto 1215/1997 e Real decreto 1644/2008).
9. Fichas de datos de seguridade dos produtos perigosos, indicando en que actividade van ser utilizados. (Artigo 13, Real decreto 255/2003).
10. Listado de traballadores/as especialmente sensibles, menores e traballadoras embarazadas ou en situación de lactación. (Artigo 26 e 27, Lei 31/1995).
11. Formación aos traballadores/as en materia preventiva, con copia de certificados de formación. (Art.º 19, Lei 31/1995).
12. Acreditación de que os traballadores/as recibiron información sobre os riscos do seu posto de traballo e sobre os xerais da empresa onde vaian traballar, incluído o Plan de emerxencia. (Artigo 18, Lei 31/1995).
13. Acta de nomeamento do recurso preventivo/coordinador/a pola empresa auxiliar. (Artigo 32. Bis Lei 54/2003 e artigo 11, Real decreto 171/2004).
14. Acta de nomeamento do/s delegado/s e/ou delegada/as de prevención, se procede. (Artigo 35, Lei 31/1995).

15. Notificación da empresa aos seus delegados/as de prevención da realización dos traballos. (Artigo 37, Lei 31/1995).
16. Identificación do persoal que vaia realizar as tarefas de eslingado, traballos con plataformas móbiles de elevación para persoas e montaxe de estadas, así como a acreditación da súa formación nas devanditas actividades.
17. Recibín dos delegados/as de prevención da empresa auxiliar a notificación da documentación achegada pola empresa principal (Artigo 33 e 36, Lei 31/1995; Artigo 15, Real decreto 171/2004).

Nota: No caso de que a contrata subcontrate á súa vez con outra empresa, esixiránselle os mesmos requisitos a esta última, e proporcionaráselles a mesma información que á empresa principal.



ANEXO II

LISTADO DE DOCUMENTACIÓN ENTREGADA A EMPRESAS AUXILIARES POR PARTE DA EMPRESA PRINCIPAL

- 1) Organización da prevención e certificados ou contratos correspondentes. (Modelo de organización preventiva da empresa) (Capítulo III, Real decreto 39/1997).

- 2) Persoa de contacto da empresa principal coa auxiliar.
- 3) Identificación do coordinador/a. (Nomeamento asinado). (Artigo 13, Real decreto 171/2004).
- 4) Nome do delegado/a ou delegados/as de prevención. (Artigo 35, Lei 31/1995).
- 5) Notificación da empresa principal aos seus delegados/as de prevención da realización dos traballos. (Artigo 37, Lei 31/1995; Artigo 15, Real decreto 171/2004).
- 6) Manual de prevención da empresa, incluíndo Plan de Emerxencia ou medidas de emerxencia da obra e das instalacións da empresa (vías de evacuación, punto de encontro e demais medidas que poidan influír no tránsito dende ou cara á obra).

INSTRUCCIÓN PARA A IDENTIFICACIÓN DE ZONAS AFECTADAS E ACTIVIDADES A REALIZAR ANTES DA REPARACIÓN

Obxecto

Obter a información necesaria do buque antes da reparación para desenvolver a estratexia a seguir en materia preventiva ante o risco de “xeración de atmosferas explosivas”.

Alcance

A todos os buques na súa fase anterior á reparación calquera que sexa a súa situación, en porto ou varado en estaleiro.

Método

- 1) O inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá identificar os lugares ou zonas de traballo afectados pola reparación, así como todos os pañois, espazos confinados, etc. adxacentes ás devanditas zonas.



- 2) Deberá identificar de igual modo todas as condicións que pasan, entran ou saen da zona identificada como afectada pola reparación.
- 3) O inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá realizar unha lista dos traballos ou actividades a desenvolver nas zonas xa identificadas como afectadas pola reparación.
- 4) O inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá realizar unha identificación de cada tanque existente no buque xa sexa de combustible, aceite, auga... indicando claramente o estado e nivel de enchedura destes. Así mesmo deberá realizar unha identificación de todo aquel material almacenado susceptible de xerar un risco de incendio ou explosión nas zonas afectadas pola reparación ou as súas inmediacións, tales como almacenamentos de pinturas, disolventes, botellas ou botellóns de gas, material explosivo como bengalas, etc. Esta información deberase complementar coa identificación desta en planos ou no seu defecto con fotos ou un método similar ao obxecto de facilitar a súa identificación ao coordinador/a de seguridade que deba asumir a coordinación da reparación.
- 5) O inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá realizar unha identificación dos medios de extinción propios do buque xa sexan fixos

ou móbiles, así como dos medios que dispón o buque de primeiros auxilios ou material de intervención en caso de emerxencia. Esta información deberá facilitala preferentemente mediante a identificación destes en plano.

6) Unha vez realizada a identificación de tarefas e zonas afectadas pola reparación e a identificación dos medios de extinción, primeiros auxilios e equipos de intervención, así como de todo aquel material susceptible de xerar risco de incendio ou explosión e o estado de todos os tanques do bu-

que, o inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá dar traslado de toda a información, ao coordinador/a de seguridade da empresa que asumise a coordinación xa sexa o propio armador ou consignatario ou o estaleiro.

7) Unha vez comezada a reparación e en previsión de posibles cambios nas actividades e zonas afectadas desta, o inspector/a do buque da armadora ou consignataria deberá dar traslado por escrito dos devanditos cambios ao coordinador/a de seguridade.

| MODELO PARA A IDENTIFICACIÓN DE TANQUES E MATERIAL SUSCEPTIBLE DE PROVOCAR UN INCENDIO OU EXPLOSIÓN | | | | | |
|---|----------------------------|--|--------------------|--|--|
| DATA | | | | | |
| IDENTIFICACIÓN DO BUQUE | | | | | |
| TANQUES | | | | | |
| IDENTIFICACIÓN DO PRODUTO (combustible, auga, aceite) | SITUACIÓN DO TANQUE | CAPACIDADE DO TANQUE | CANTIDADE (Volume) | BALEIRO | DESGASIFICADO |
| | | | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| | | | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| SENTINAS | | LIBRO DE CONTROL DE RESIDUOS | | | |
| GASES | | | | | |
| IDENTIFICACIÓN | CANTIDADE | SITUACIÓN NO BUQUE | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| PRODUTOS QUÍMICOS | | | | | |
| IDENTIFICACIÓN DA SUBSTANCIA | NÚMERO DE BOTES/CAPACIDADE | | SITUACIÓN NO BUQUE | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| BENGALAS E/OU EXPLOSIVOS | | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | | SITUACIÓN NO BUQUE | |
| | | | | | |
| ASDO.: | | | RECIBÍN: | | |
| INSPECTOR/A DO BUQUE | | | COORDINADOR/A | | |

[IMPRIMIBLE EN PDF](#)

INSTRUCCIÓN I

INSTRUCCIÓN PARA A XESTIÓN DE PERMISOS DE TRABALLO

Obxecto

Esta Instrucción ten por obxecto establecer a metodoloxía para o control daqueles traballos que, de non ser controlados, poden ocasionar “accidentes graves”.

Alcance

Aplícase a todos os traballos a bordo así como aqueles traballos que poidan ocasionar riscos graves se non son controlados, que se leven a cabo no centro de traballo.

Enténdese por:

Traballos a bordo

Traballos que se desenvolvan a bordo de embarcacións en construción ou en reparación. En bancada ou a flote.

Traballos ou actividades que poden ocasionar riscos graves se non son controlados

Traballos en espazos confinados; traballos en zona con risco de explosión (ATEX); traballos en alta/media tensión; traballos en altura; traballos con produtos químicos corrosivos, inflamables ou explosivos; traballos en máquinas en marcha, outros traballos para os que o coordinador/a considere necesario un permiso para levarlos a cabo.

Permiso de traballo

Documento que autoriza a desenvolver as actividades encomendadas, e sen o cal non se poderían comezar os traballos. Reflicte as medidas de segu-



ridade que se tomarán para realizar os devanditos traballos, determina prazos de execución e zonas de actuación.

DESENVOLVEMENTO

1. A solicitude do permiso de traballo partirá do coordinador/a, técnico/a competente ou recurso preventivo da empresa que vaia executar ou desenvolver a actividade (en diante técnico/a da empresa que vai desenvolver a actividade).
2. O coordinador/a, técnico/a competente ou recurso preventivo da empresa principal (en diante técnico/a da empresa principal) xunto co técnico/a da empresa que vaia desenvolver a actividade deberán identificar e avaliar as condicións necesarias para a realización dos traballos a executar mediante a cumprimentación do documento “*permiso de traballo*”.
3. No caso da existencia de subcontratas a cargo da empresa que vai executar os traballos, o técnico/a da empresa que vaia executar a actividade deberá cumprimentar con elas a parte inferior do documento “*permiso de traballo*”.
4. A través deste documento plasmaranse por escrito todas as medidas de seguridade que se adoptarán para a realización dos traballos.

5. Se como resultado da análise das medidas de seguridade que se tomarán nos traballos deben levarse a cabo medidas iniciais ou periódicas das condicións ambientais da atmosfera de traballo, as devanditas medidas deberán quedar reflectidas por escrito.
6. O técnico/a da empresa que execute os traballos deberá dar por escrito os nomes do persoal que vai estar a traballar na área afectada polo *permiso de traballo* ao técnico/a da empresa principal comunicándolle calquera modificación no transcurso dos traballos que poida acaecer.
7. O técnico/a da empresa principal deberá controlar e levar un rexistro de todos os permisos de traballo abertos no buque.
8. O técnico/a da empresa principal deberá plasmar calquera variación das medidas de seguridade esixidas no *permiso de traballo*, que poidan xurdir no transcurso dos traballos, así como calquera desviación do cumprimento das condicións descritas neste xa sexa por parte da empresa principal, a empresa que estea a desenvolver os traballos, ou calquera outra empresa que estea a traballar dentro do buque.
9. O técnico/a da empresa que executa os traballos deberá comprobar e controlar a validez temporal do *“Permiso de traballo”*, en caso de non finalizar os traballos na data sinalada no *“Permiso de traballo”* deberá dar coñecemento diso ao técnico/a da empresa principal, o cal tomará a decisión de paralizar os traballos ou continuar estes cun novo *“Permiso de traballo”*.
10. Unha vez finalizada a actividade ou traballo afectado polo *“Permiso de traballo”* o técnico/a da empresa que executase os traballos, dará coñecemento da finalización ao técnico/a da empresa principal.
11. Os devanditos técnicos/as conxuntamente unha vez verificadas as condicións seguras da zona, darán por finalizadas as condicións de atmosfera explosiva que fixeron que se tramitase o permiso, arquivando toda a documentación xerada.

EN SÍNTESE:

A COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DEBERÁ GARANTIR O CONTROL DAS INTERACIÓNS DAS DIFERENTES ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO CENTRO DE TRABALLO

A EMPRESA PRINCIPAL DEBE LEVAR A INICIATIVA NA COORDINACIÓN

UNHA CORRECTA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES DEBE BASEARSE E COMEZAR CO CONTROL DO PERSOAL QUE ENTRA DENTRO DAS PROPIAS INSTALACIÓNS. TAMÉN DEBE INCLUIR O CONTROL DOS EQUIPOS DE TRABALLO DE USO COMÚN.

É IMPORTANTE QUE AS RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS DOS MEDIOS HUMANOS QUE SE REFLECTEN COMO MEDIOS DE COORDINACIÓN ESTEAN CORRECTAMENTE DEFINIDAS.

FONTES:

- *GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DE PRL NO SECTOR NAVAL. Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. Confederación Intersindical Galega.*
- *NTP: Coordinación de actividades empresariais (I) e (II).*

- *NTP: Coordinación de actividades empresariais: criterios de eficiencia (I) e (II).*
- *Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 de la Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.*

| PERMISO DE TRABAJO | | | | | | | | | | | |
|---|---|-------|--|---|-----|---|--|----|-----|-----------------------------------|--|
| Empresa solicitante | | | | | | | | | | IMPRIMIBLE EN PDF | |
| Empresa que autoriza | | | | | | | | | | | |
| Validez (data) | | dende | | | ata | | | | | | |
| Descrición dos traballos a realizar: | | | | | | | | | | | |
| Zona do buque onde está autorizado a realizar traballos: | | | | | | | | | | | |
| Os traballos realizaranse fóra da xornada normal de traballo (fin de semana, días festivos, etc.): SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> | | | | | | | | | | | |
| SITUACIÓN DE RISCO | TRABALLOS DE PINTURA | | | | | | | | | | |
| | PROYECCIÓN DE ILLANTES (POLIÉSTER, ETC.) | | | | | | | | | | |
| | TRASFEGO DE COMBUSTIBLE EN TANQUES OU CANALIZACIÓNS, OU A EXISTENCIA DE COMBUSTIBLE NESTES | | | | | | | | | | |
| | TRABALLOS EN CONDUCIÓNS OU SISTEMAS DE FRÍO (AMONÍACO, ETC.), OU SIMPLE EXISTENCIA DOS MESMOS. (REPARACIÓN) | | | | | | | | | | |
| | TRABALLOS EN SENTINAS, DOBRES FONDOS, PIQUES DE PROA, ETC. (ESPAZOS CONFINADOS) | | | | | | | | | | |
| | DESGASIFICADO E LIMPEZA DE TANQUES (GASÓLEO, ETC.) | | | | | | | | | | |
| OUTROS | | | | | | | | | | | |
| MEDIDAS PREVIAS Á REALIZACIÓN DO TRABAJO | | | | MEDIDAS QUE SE DEBEN REALIZAR DURANTE O TRANCURSO DOS TRABALLOS | | | | SI | NON | NP | |
| | SI | NON | NP | | | | | | | | |
| Balizar e sinalizar a zona e as zonas circundantes do recinto | | | | Medicións periódicas | | | | | | | |
| Medicións previas | | | | Luminarias e equipos portátiles de traballo antideflagrantes | | | | | | | |
| Ventilación natural/Ventilación forzada previa | | | | Estabelecer sistema de vixilancia e comunicación dende o exterior | | | | | | | |
| Aplicar ventilación forzada durante o traballo | | | | Portar ou dispoñer preto do recinto os equipos respiratorios illantes de autosalvamento | | | | | | | |
| Limpeza e purgado de canalizacións de entrada e saída de produtos | | | | Outras: | | | | | | | |
| Peche de canalizacións de entrada e saída de produtos | | | | MEDIDAS QUE SE DEBEN REALIZAR POSTERIORES AOS TRABALLOS | | | | | | | |
| Interromper todas as conexións eléctricas | | | | Medicións de comprobación da atmosfera interior | | | | | | | |
| Outras | | | | Outras: | | | | | | | |
| EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL | | | | EQUIPOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS | | | | | | | |
| | | | | Extintores CO ₂ | | | | | | | |
| Equipos respiratorios illantes autónomos | | | | Extintores po | | | | | | | |
| Equipos respiratorios illantes semiautónomos | | | | Manguoiras de auga | | | | | | | |
| Outros: | | | | Outros: | | | | | | | |
| Observacións: | | | | | | | | | | | |
| Técnico/a capacitado/a que realiza as medicións iniciais | | | Inspeccionada persoalmente a área de traballo e comprobado o cumprimento dos requisitos indicados, certifico que se efectuaron correctamente os traballos preparatorios especificados. | | | Inspeccionada persoalmente a área de traballo e comprobado o cumprimento dos requisitos indicados, certifico que pode efectuarse o traballo coas debidas garantías de seguridade. | | | | | |
| ASDO.: Sinatura | | | ASDO.: Sinatura. Empresa principal | | | ASDO.: Sinatura. Subcontrata | | | | | |
| Inspeccionada persoalmente a área de traballo e comprobado o cumprimento dos requisitos indicados, certifico que pode efectuarse o traballo coas debidas garantías de seguridade. | | | Inspeccionada persoalmente a área de traballo e comprobado o cumprimento dos requisitos indicados, certifico que pode efectuarse o traballo coas debidas garantías de seguridade. | | | Inspeccionada persoalmente a área de traballo e comprobado o cumprimento dos requisitos indicados, certifico que pode efectuarse o traballo coas debidas garantías de seguridade. | | | | | |
| ASDO.: Sinatura. Subcontrata | | | ASDO.: Sinatura. Subcontrata | | | ASDO.: Sinatura. Subcontrata | | | | | |

| MEDICIÓN INICIAL | | | | | |
|--|--|--|----|-----|----|
| BUQUE | | DATA | | | |
| | | HORA | | | |
| Zona do buque na que se realizaron as medidas | | | | | |
| Porcentaxe de osíxeno | | A % de osíxeno está comprendida entre 19,5 e 23,5 % | SI | NON | NP |
| Índice de explosividade (LIE) ou (LEL) | | O índice é menor que o 10 % do LIE | SI | NON | NP |
| Concentración de CO | | A concentración de CO é inferior a 25 ppm | SI | NON | NP |
| Concentración de SH ₂ | | A concentración de SH ₂ é inferior a 10 ppm | SI | NON | NP |
| Concentración de CO ₂ | | A concentración de CO ₂ é inferior a 0,5 % | SI | NON | NP |
| Outras | | | SI | NON | NP |
| Outras | | | SI | NON | NP |
| Sinatura | | | | | |
| Nome do Técnico/a de prevención que realiza as medidas | | | | | |

[IMPRIMIBLE EN PDF](#)

| MEDICIÓN PERIÓDICA | | | | | |
|--|--|--|----|-----|----|
| BUQUE | | DATA | | | |
| | | HORA | | | |
| Zona do buque na que se realizaron as medidas | | | | | |
| Porcentaxe de osíxeno | | A % de osíxeno está comprendida entre 19,5 e 23,5 % | SI | NON | NP |
| Índice de explosividade (LIE) ou (LEL) | | O índice é menor que o 10 % do LIE | SI | NON | NP |
| Concentración de CO | | A concentración de CO é inferior a 25 ppm | SI | NON | NP |
| Concentración de SH ₂ | | A concentración de SH ₂ é inferior a 10 ppm | SI | NON | NP |
| Concentración de CO ₂ | | A concentración de CO ₂ é inferior a 0,5 % | SI | NON | NP |
| Outras | | | SI | NON | NP |
| Outras | | | SI | NON | NP |
| Sinatura | | | | | |
| Nome do Técnico/a de prevención que realiza as medidas | | | | | |

| PERMISOS DE TRABAJO NOS BUQUES | | | | | | |
|--------------------------------|-------------------------|---------------------------|---------------------------------------|-----------------------------|---|---|
| BUQUE | | | CONSTRUCCIÓN <input type="checkbox"/> | | | |
| | | | REPARACIÓN <input type="checkbox"/> | | | |
| ZONA DE TRABAJO | EMPRESA/S AUTORIZADA/AS | DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS | DATA E HORA DO INICIO | DATA E HORA DE FINALIZACIÓN | TÉCNICO/A QUE AUTORIZA O PERMISO DE TRABAJO | TÉCNICO/A QUE SOLICITA O PERMISO DE TRABAJO |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

BUQUE: _____

PERMISO DE TRABAJO EMITIDO EN DATA: _____

ZONA DE TRABAJO AUTORIZADA: _____

| | |
|-------------------------------|------------------|
| LISTADO DO PERSOAL AUTORIZADO | EMPRESA: |
| | NOME E APELIDOS: |

[IMPRIMIBLE EN PDF](#)



Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

